

DÚAS PÁXINAS MOI LÓXICAS

CHORRADIÑAS.

Estas chorradiñas iniciais valeranche de entramento para resolver os outros entretemos que veñen despois. Só un consello: Pensa «con lóxica».

1. Dúas moedas suman trinta pesetas e, sen embargo, unha delas non é un peso. ¿Que moedas son?
2. Unha cuestión de relixión, ¿sabedes se a igrexa católica permite que un home se case coa irmá da súa viúva?
3. Unha pregunta de lingua: ¿como se debe dicir, a xema é branca ou as xemas son brancas?
4. Un problema de trigonometría: Nunha determinada casa as dúas ás do tellado teñen diferente inclinación, unha ten unha inclinación de 60° e a outra de 70° . Supoñemos que un galo pon un ovo exactamente no cumio, ¿para que lado do tellado caería o ovo?
5. Algo máis de matemáticas, ¿sabedes cal é o menor número enteiro positivo que pode escribirse con dúas cifras?
6. E para rematar o entramento, como xa sodes uns expertos lóxicos, unha cuestión de dereito internacional: Se un avión se esnafa na fronteira entre Estados Unidos e Canadá, ¿en que país haberá que enterrar ós superviventes?

O MISTERIO DOS COFRES DE PORCIA.

En *O mercador de Venecia*, de Shakespeare, Porcia tiña tres cofres –un de ouro, outro de prata e outro de chumbo–, e dentro dun deles había un retrato dela. O pretendente tiña que elixir un dos cofres e se tiña sorte (ou intelixencia) elixiría o que tiña o retrato, podendo así pedir a Porcia por esposa. Na tapa de cada cofre había unha inscrición para axudalo a elixir sabiamente.

Pero supoñamos que Porcia quixese elixir marido, non por bondade, senón por intelixencia. Tería as seguintes inscricións nos cofres:

Ouro	Prata	Chumbo
O retrato está neste cofre	O retrato non está aquí	O retrato non está no cofre de ouro

Porcia explicóu ó seu pretendente que dos tres enunciados, como máximo un era verdade. ¿Que cofre debe elixir o pretendente?

O pretendente elixíu correctamente, así que casaron e viviron bastante felices... polo menos durante algún tempo. Pero un día Porcia pensou: «Aínda que o meu marido demostrou certa intelixencia ó escoller o cofre bo en realidade o problema non era tan difícil. Sen dúbida podía poñer un problema máis difícil e conseguir un marido realmente intelixente». Así que se divorciou inmediatamente decidida a casar con outro máis listo.

Esta vez nos tres cofres aparecerían as seguintes inscricións:

Ouro	Prata	Chumbo
O retrato está no cofre de prata	O retrato non está aquí	O retrato está neste cofre

Porcia explicou ó pretendente que polo menos un dos tres enunciados era verdadeiro e que polo menos outro era falso. ¿En cal dos cofres está o retrato?

Resultou que o primeiro que se presentou foi o exmarido de Porcia que acertou o cofre correcto por segunda vez. ¿Estarías ti en condicións de casar ou de asesorar debidamente a quen quixese casar as dúas veces con Porcia?

A CADEA.

A un ferreiro truxéronlle cinco cachos de cadea, de tres aneis cada un, e encargáronlle que os unise formando unha cadea continua.



Antes de poñer mans á obra, o ferreiro comezou a pensar sobre o número de aneis que tería a necesidade de cortar e forxar de novo. Decidiu que lle faría falla abrir e pechar catro. ¿Non é posible facer este traballo abrindo e pechando o menor número de aneis?

SEMINARIO DE MATEMÁTICAS:

Ana Iglesias Lauda

Luz Pazos García

Rosa Miña Mena

..... Recorta por esta liña
e entega a parte de abaixo a algún membro dos Seminarios de Filosofía e Matemáticas antes do 1 de Xullo. Entre os que acerten todas as respostas sortaremos uns premios moi lóxicos.

SOLUCIÓNS:

Ás CHORRADIÑAS:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.

O MISTERIO DOS COFRES DE PORCIA:

A primeira vez o retrato de Porcia está no cofre de _____, porque non pode estar no cofre de _____ nin no de _____, xa que _____

A segunda vez o retrato de Porcia está no cofre de _____, porque non pode estar no cofre de _____ nin no de _____, xa que _____

Á CADEA:

Eu penso que é necesario abrir e pechar só _____ aneis.

Faranse do seguinte xeito _____

O meu nome é _____ e estou no curso _____